

DIRIXIDO A:

Alumnado de 3º e 4º de E.S.O. As sesións están pensadas para un grupo-clase (non máis de 35 alumnos), xa que se pretende que sexan proveitosas e xeradoras de significados, non unha mera actividade puntual.

MATERIAL:

Para o desenvolvemento das sesións o centro deberá dispoñer de:

- Un aula na que haxa espazo suficiente como para traballar en grupos e realizar pequenas manualidades.
- Proxector de transparencias
- Proxector de vídeo ou DVD

PARA MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

Foro de Inmigración de Santiago

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque 6-bis. C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 57 61 42

foroinmigracionsantiago@yahoo.es

Concellería de Benestar Social

U.A.M.I

Praza Camilo Diaz Baliño, 15 B

C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 54 24 95

migracions@santiagodecompostela.org

EN CADA ROSTRO IGUALDADE

CAMPAÑA EDUCATIVA



XUSTIFICACIÓN:

Dende os medios de comunicación as imaxes que acompañan e definen aos inmigrantes son o naufragio de pateras, o salto de aramados... De inmediato son moitas as palabras que quedan no imaxinario asociado aos inmigrantes: mafias, “ilegalidade”, marxinalidade, delincuencia. Pero é posible, e necesaria, outra visión da inmigración dotada de trazos positivos.

Con esta campaña pretendemos favorecer a integración do colectivo inmigrante e a convivencia, e comprometer ao alumnado na construción dunha sociedade máis xusta e humana onde todos teñamos cabida.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- A chegar aos alumnos dunha maneira crítica e razoada ao fenómeno da inmigración.
- Conseguir a implicación afectivo-actitudinal do alumnado na convivencia e na construción dunha sociedade integradora e intercultural.

Específicos:

- Estudar as tres caras da actitude ante os/as inmigrantes: o prexuízo (construto emocional), o estereotipo (construto cognitivo) e a discriminación (resposta actitudinal).
- Realizar un percorrido polos estereotipos presentes na nosa sociedade e en nós mesmos, dende un enfoque xeral ata un máis particular.
- Traballar o estereotipo no grupo-clase en tanto que imaxe da sociedade.
- Enfocar o feito da inmigración dende os/as inmigrantes (personalizar o discurso xenérico).
- “Vivir o estereotipo” desde dentro (análise vivencial) e desde fóra (análise das actitudes dos demais).
- Revisar o léxico que sempre latexa cando se fala de inmigración e descubrir a importancia do correcto uso das palabras.
- Debater e dialogar con respecto ante as opinións que non sempre concordan coa que asume un mesmo.
- Potenciar actitudes que contribúan á construción dunha sociedade integradora e multicultural.
- Reflexionar de forma creativa as sensacións que espertan as actividades realizadas

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase en dúas sesións de, aproximadamente, dúas horas que deberán coincidir na mesma semana ou, como moito, en dúas semanas consecutivas.

1ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

O fenómeno migratorio vai asociado a identidades e a estereotipos sobre esas identidades. En función dos mesmos, a sociedade de acollida tende a efectuar fronteiras imaxinarias entre os que se consideran “semellantes a nós” e os que son “moi diferentes”. Esta sesión pretende desenvolver unha reflexión sobre os estereotipos dende unha vertente cognitiva e analítica e dende un aspecto vivencial, interiorizar que significa que nos consideren e traten dende un estereotipo.

Introducírase brevemente a temática e os contidos da nosa intervención e acto seguido, levaranse a cabo diferentes dinámicas de grupo na que os alumnos reflectirán as imaxes e estereotipos que teñen.

A continuación debaterase entre os grupos sobre as distintas visións que apareceron tratando de reflexionar sobre os prexuízos que poidan ter.

Para rematar a sesión proxectarase a curtametraxe de ficción *Amigo no gima* (14 minutos) propoñendo unha serie de cuestións que servirán para pensar que é o que nos transmite a curtametraxe e para reflexionar sobre o comportamento que adoptamos en sociedade (¿vivimos en función dos estereotipos?). Estas cuestións serán obxecto de análise ata o desenvolvemento da segunda sesión.

2ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Continuando coa reflexión da xornada anterior, nesta sesión preténdese que os alumnos adopten unha postura persoal ante as situacións expostas e, a partir dela, propor e levar a cabo accións que contribúan á construción dunha sociedade integradora e intercultural.

A sesión comezará retomando imaxes da curtametraxe vista na sesión anterior. Con elas farase unha primeira actividade que recolla o traballo feito sobre a curtametraxe.

Seguidamente levarase a cabo unha dinámica por grupos de análise crítica desta realidade dirixido a tomar postura ante ela. En primeiro lugar proporanse aos alumnos unha serie de actividades dirixidas a que expresen a súa experiencia persoal coa inmigración e inmigración, a continuación deberán ir definindo cal é a súa postura ante esas realidade para rematar concretando accións que poidan levar a cabo como grupo.

Para concluír expresarán todo o vivido nun obradoiro creativo (debuxos, chapas, pins, chaveiros...) de forma que simbolizen o reflexionado e aprendido.

En todo momento, a persoa responsable fará de guía, de orientador, procurando deixar que os alumnos se expresen con total liberdade dentro dun espazo de respecto.

Como acto final de campaña valorarase a posibilidade de organizar un acto público no que os participantes na campaña *En cada rostro igualdade* poidan sacar á rúa o traballo feito nas aulas.